



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Anuncio

Corrección de erro no EDICTO e ANUNCIO DE COBRANZA

Asunto: Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico (rectificación do período da cobranza das taxas o Concello de A PONTENOVA.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo co número 223 de data 27 de setembro de 2023 foi publicado Edicto e Anuncio de Cobranza de Taxas, cuxa recadación delegou nesta Deputación o Concello de A PONTENOVA, prazo que comezará o día 27/09/2023 e rematará o día 27/11/2023, ambos os dous incluídos.

Por decreto da Presidencia da Deputación Provincial de Lugo Decreto de data 18/09/2023, corríxese o decreto de Presidencia de data 31/08/2023, donde dize 2022 debe dicir 2023.

Da publicación, no BOP citado, debe de rectificarse, do Edicto e do Anuncio de Cobranza segundo o seguinte texto:

CONCELLO	PERIODO	DETALLE
A PONTENOVA	2º-trimestre- <u>2022</u>	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia

Quedando redactada, segundo a seguinte relación:

CONCELLO	PERIODO	DETALLE
A PONTENOVA	2º-trimestre- <u>2023</u>	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia

Lugo, 27 de setembro de 2023.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 04/07/2023, A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

R. 3056

CONCELLOS

MURAS

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2023-0428, foi aprobado o PADRÓN PAI -XULLO 2023.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfíxeron as cotas, iniciárase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 12 de setembro de 2023.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3057

PANTÓN

Anuncio

PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL (CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN) DE UNHA (1) PERSOA TRABALLADORA DESEMPREGADA (MONITOR DEPORTIVO), NO MARCO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023 (B.3.- PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO).

O Alcalde do Concello de Pantón, por Decreto do 26.09.2023, resolveu convocar o proceso selectivo para a contratación laboral temporal (contrato de duración determinada por circunstancias da produción) de unha (1) persoa traballadora desempregada (MONITOR DEPORTIVO), no marco do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023 (B.3.-Programa de Reforzo do Emprego), abríndose o prazo de presentación de instancias, que será de CINCO (5) DÍAS HÁBILES a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

No taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Pantón e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Pantón (<https://panton.sedelectronica.gal/info.0>), aparecen integramente publicadas as bases que han de rexer a convocatoria do proceso selectivo de referencia.

Así mesmo, os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Pantón e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Pantón (<https://panton.sedelectronica.gal/info.0>).

Contra a convocatoria e as bases reguladoras, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpoñer alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ante o Alcalde deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso-Administrativo con sede en Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á precitada publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resollido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Pantón, 26 de Setembro de 2023.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 3055

SARRIA

Anuncio

Formalización de contrato: fisioterapeuta

Estabilización de emprego temporal

O día 20/09/2023, o Presidente do Organismo Autónomo Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme, ditou a seguinte Resolución 2023-0232:

Expediente: 552/2023

Procedemento: Proceso para a provisión, como persoal laboral fixo, de 1 praza de fisioterapeuta, Grupo de Cotización 2, incluída na Oferta de Emprego para a estabilización do Emprego Temporal do Organismo Autónomo Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

Con data 21/07/2023 o tribunal de selección, segundo o establecido na base xeral 9.2.5, publicou na sede electrónica <https://sarría.sedelectronica.es> a relación de aspirantes por orde de puntuación e, segundo a base xeral 10.1, elevou a proposta de contratación da seguinte persoa:

- José María Gómez Montero de Espinosa (**606*)

Na referida publicación abriuse o prazo para presentar a documentación requirida na base xeral 10.2 por parte das persoas propostas.

Considerando que a persoa aspirante presentou n a documentación esixida na base xeral 10.2

Visto o establecido na base 11 respecto da finalización do proceso selectivo e contratación.

Vista a Resolución da presidencia (n.º 2023-0203) de data 23/08/2023, de finalización do proceso selectivo e proposta de contratación.

Vista dilixencia de conformidade emitida pola Intervención Municipal (Informe n.º 2023-0343) de data 08/09/2023.

De conformidade co establecido no artigo 21.1.g) e 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, así como o artigo 7 dos Estatutos do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Formalizar o contrato de traballo como persoal laboral fixo do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme, para a praza praza de fisioterapeuta, Grupo de Cotización 2, incluída na Oferta de Emprego para a estabilización do Emprego Temporal do Organismo Autónomo Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme con **José María Gómez Montero de Espinosa (**606*)**

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución a José maría Gómez Montero de Espinosa, fixando a data de sinatura do contrato para o vindeiro día 02/10/2023 (luns)

TERCEIRO.- Publicar esta resolución no BOP e na sede electrónica do Concello de Sarria: <https://sarria.sedelectronica.es>

Sarria, 27 de setembro de 2023.- O Presidente, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 3058

Anuncio

Formalización de contrato: recepcionista

Estabilización de emprego temporal

O día 20/09/2023, o Presidente do Organismo Autónomo Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme, ditou a seguinte Resolución 2023-0234:

Expediente: 49/2023

Procedemento: Proceso para a provisión, como persoal laboral fixo, dunha praza de recepcionista, Grupo de Cotización 7, incluída na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Organismo Autónomo Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

Con data 25/07/2023 o tribunal de selección, segundo o establecido na base xeral 9.2.5, publicou na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es> a relación de aspirantes por orde de puntuación e, segundo a base xeral 10.1, elevou a proposta de contratación da seguinte persoa:

- María del Carmen López Rodríguez (**250*)

Na referida publicación abriuse o prazo para presentar a documentación requirida na base xeral 10.2 por parte das persoas propostas.

Considerando que a aspirante presentou n a documentación esixida na base xeral 10.2

Visto o establecido na base 11 respecto da finalización do proceso selectivo e contratación.

Vista a Resolución da presidencia (n.º 2023-0204) de data 23/08/2023, de finalización do proceso selectivo e proposta de contratación.

Vista dilixencia de conformidade emitida pola Intervención Municipal (Informe n.º 2023-0344) de data 08/09/2023.

De conformidade co establecido no artigo 21.1.g) e 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, así como o artigo 7 dos Estatutos do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Formalizar o contrato de traballo como persoal laboral fixo do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme, para a praza de recepcionista, Grupo de Cotización 7, incluída na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Organismo Autónomo Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme con **María del Carmen López Rodríguez (**250*)**

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución a María del Carmen López Rodríguez, fixando a data de sinatura do contrato para o vindeiro día 02/10/2023 (luns)

TERCEIRO.- Publicar esta resolución no BOP e na sede electrónica do Concello de Sarria: <https://sarria.sedelectronica.es>

Sarria, 27 de setembro de 2023. -O Presidente, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 3059

Anuncio

Formalización de contrato: auxiliares de clínica

Estabilización de emprego temporal

O día 27/09/2023, o Presidente do Organismo Autónomo Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme, ditou a seguinte Resolución 2023-0239:

Expediente: 44/2023

Procedemento: Proceso Selectivo convocado polo Concello de Sarria para a estabilización de 4 prazas de auxiliar de clínica (DA 6ª Lei 20/2021) do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme de Sarria

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

Con data 27/07/2023 o tribunal de selección, segundo o establecido na base xeral 9.2.5, publicou na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es> a relación de aspirantes por orde de puntuación e, segundo a base xeral 10.1, elevou a proposta de contratación das seguintes persoas:

- Cabañas López, María Lorena (**343*)
- López Páramo, Alba Dolores (**375*)
- Porto González, María Jesús (**511*)
- Somoza López, Rebeca (**753*)

A así mesmo, propuxo a seguinte relación complementaria de persoas que superaron o proceso selectivo, pero que non obteñen praza:

- Parada López, Tamara (**214*)

Na referida publicación abriuse o prazo para presentar a documentación requirida na base xeral 10.2 por parte das persoas propostas.

Considerando que as seguintes persoas propostas presentaron a documentación esixida na base 10.2 de xeito correcto:

- López Páramo, Alba Dolores (**375*)
- Porto González, María Jesús (**511*)
- Somoza López, Rebeca (**753*)

Visto que, mediante resolución 2023-0198, de data 10/08/2023, a aspirante proposta María Lorena Cabañas López foi requirida para subsanar a documentación presentada, ao non quedar acreditado que estivese en posesión dos requisitos esixidos nas bases e as alegacións presentadas pola mesma foron desestimadas mediante resolución 2023-0218 de data 11/09/2023.

Considerando que a aspirante incluída na relación complementaria, Tamara Parada López, presentou a documentación esixida na base 10.2 de xeito correcto e que, no caso de que algunha das persoas propostas non presente esta documentación dentro do prazo establecido, pasarase ao seguinte da lista por orde de puntuación.

Visto o establecido na bse 11 respecto da finalización do proceso selectivo e contratación.

Vista a Resolución da presidencia (n.º 2023-0222) de data 14/09/2023, de finalización do proceso selectivo e proposta de contratación.

Vista dilixencia de conformidade emitida pola Intervención Municipal (Informe n.º 2023-384) de data 20/09/2023.

De conformidade co establecido no artigo 21.1.g) e 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, así como o artigo 7 dos Estatutos do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Formalizar o contrato de traballo como persoal laboral fixo do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme, para 4 prazas de auxiliar de clínica, Grupo de Cotización 7, incluída na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Organismo Autónomo Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme coas seguintes persoas:

- López Páramo, Alba Dolores (**375*)
- Porto González, María Jesús (**511*)
- Somoza López, Rebeca (**753*)

- Parada López, Tamara (**214*)

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución ás persoas interesadas, fixando a data de sinatura dos contratos para o vindeiro día 02/10/2023 (luns)

TERCEIRO.- Publicar esta resolución no BOP e na sede electrónica do Concello de Sarria: https://sarria.sedelectronica.es_

Sarria, 27 de setembro de 2023.- O Presidente, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 3060

MINISTERIO DE DEFENSA

INSTITUTO DE VIVENDA, INFRAESTRUTURA E EQUIPAMENTO DA DEFENSA

Anuncio

Resolución del organismo autónomo Instituto de Vivienda, Infraestructura y Equipamiento de la Defensa, por la que se anuncian sucesivas subastas públicas, con proposición económica al alza, en sobre cerrado de 1 propiedad sita en Lugo.

Por Resolución del Director Gerente del organismo autónomo Instituto de Vivienda, Infraestructura y Equipamiento de la Defensa, se acuerda la venta en sucesivas subastas públicas, con proposición económica en sobre cerrado al alza, de la propiedad que a continuación se describe:

1.- "Parcela L-1.B del Sector SUR-k", en Lugo (Lugo).

Finca número 113278, Tomo 1721, Libro 1282, Folio 129, Inscripción segunda del Registro de la Propiedad de Lugo número 1. IDUFIR. 27012001114850. Referencia catastral 9120504PH1681N0001YU.

Superficie registral 4.905,00 metros cuadrados.

Precio licitación tercera subasta: 3.087.307,43 euros. Precio licitación cuarta subasta: 2.778.576,68 euros.

Características físicas, jurídicas, Inscripción registral, catastral, técnicas, y usos urbanísticos de las propiedades: las que figuran en los Pliegos que rigen para la subasta.

Fecha límite de presentación de ofertas y documentación para licitar en las subastas:

Desde el día siguiente a la publicación del anuncio de la subasta en el BOE, hasta las trece horas del día 25 de octubre de 2023, en el Registro del Instituto de Vivienda, Infraestructura y Equipamiento de la Defensa, calle Isaac Peral, número 20-32, de Madrid, sin que se permita ninguna proposición presentada con posterioridad a dicho plazo. Se admitirán ofertas enviadas por correo certificado, en cuyo caso el licitador deberá justificar la fecha y hora de imposición del envío en las oficinas de correos y anunciará la remisión de su oferta al Registro del INVIED O.A. en el mismo día, mediante fax al número 916020885, o al correo electrónico (invied.subastasdeinmuebles@mde.es), identificando el licitador y aportando copia, en formato pdf, del resguardo del certificado de envío de correos.

La apertura de sobres con las proposiciones económicas por la Mesa constituida al efecto, tendrá lugar en la sede del Instituto de Vivienda, Infraestructura y Equipamiento de la Defensa, calle Isaac Peral, número 20-32, de Madrid, el 15 de noviembre de 2023, a partir de las once horas.

Obtención de documentos e información en las oficinas centrales del Instituto de Vivienda, Infraestructura y Equipamiento de la Defensa, (INVIED O.A.), calle Isaac Peral, número 20-32, Teléfonos 916020844, 916020819, 916020916, 916020911 y el 900210425 (línea gratuita), en horario de oficina, así como en la página web del INVIED O.A.: www.invied.es. También en las oficinas del Área de Patrimonio de la Subdelegación de Defensa en La Coruña, Avenida Porto Da Coruña 15 (Teléfonos: 981126808, 981126638, 981126637).

En caso de la existencia de algún error material en el presente anuncio, se estará a lo establecido en los pliegos de condiciones técnicas y administrativas reguladoras que rigen para la enajenación.

Madrid, 20 de septiembre de 2023.- EL DIRECTOR GERENTE, Sebastián Marcos Morata.

R. 3061

MINISTERIO DE FACENDA
BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - BURELA

Anuncio

EXTRATO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA A PROMOCION DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DESENVOLVIDAS POR CLUBS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE BURELA NO EXERCICIO 2023.

BDNS (Identif.): 718529

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/718529>)

Primeiro. Beneficiarios:

Clubs deportivos federados existentes no concello de Burela, legalmente constituídos e que figuren inscritos no Rexistro Municipal de asociacións, sempre e cando contén con domicilio social e sede territorial no concello de Burela e contén cos datos da inscrición debidamente actualizados no momento de solicitar a axuda.

Segundo. Obxecto:

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencions, durante o exercicio 2023, destinadas a promover actividades das asociacións, clubs ou entidades deportivas do concello de Burela.

Terceiro. Bases reguladoras:

As bases reguladoras publícanse na sede electrónica do Concello de Burela e na BDNS.

Cuarto. Contía:

33.900,00 €

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais dende a publicación do anuncio destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

Burela, 27 de setembro de 2023.- A Alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 3062

Anuncio

EXTRATO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA A PROMOCION DE ACTIVIDADES SOCIAIS DESENVOLVIDAS POR ASOCIACIONES SOCIAIS DO CONCELLO DE BURELA NO EXERCICIO 2023.

BDNS (Identif.): 718554

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/718554>)

Primeiro. Beneficiarios:

Asociacións sociais existentes no concello de Burela, legalmente constituídas, e que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, sempre e cando contén con domicilio social e sede territorial no concello de Burela, ou ben contén polo menos cun centro de traballo operativo no concello de Burela e contén cos datos da inscrición debidamente actualizados ao momento de solicitar a achega.

Segundo. Obxecto:

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencions, durante o exercicio 2023, destinadas a promover actividades das asociacións sociais e asistenciais do concello de Burela, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade.

Terceiro. Bases reguladoras:

A bases reguladoras publícanse na sede electrónica do Concello de Burela e na BDNS.

Cuarto. Contía:

15.000,00 €

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días naturais dende a publicación do anuncio destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

Burela, 27 de setembro de 2023.- A Alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 3063

Anuncio

ESTRATO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS DESENVOLVIDAS POR ASOCIACIÓNS DO CONCELLO DE BURELA NO EXERCICIO 2023.

BDNS (Identif.): 718576

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/718576>)

Primeiro. Beneficiarios:

Asociacións culturais e de carácter educativo existentes no concello de Burela, legalmente constituídas, e que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, sempre e cando contén con domicilio social e sede territorial no concello de Burela e contén cos datos da inscrición debidamente actualizados ao momento de solicitar a achega.

Segundo. Obxecto:

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións, durante o exercicio 2023, destinadas a promover actividades das asociacións culturais do concello de Burela, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade.

Terceiro. Bases reguladoras:

A bases reguladoras publícanse na sede electrónica do Concello de Burela e na BDNS.

Cuarto. Contía:

45.000,00 €

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais dende a publicación do anuncio destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

Burela, 27 de setembro de 2023.- A Alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 3064

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO **CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO - SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS**

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE : **V/27/01637**

PETICIONARIO : María Güendi Fernández Rodríguez

VERTIDO

DENOMINACIÓN : Vivienda en A Silva

LOCALIDAD : A Silva, Corvelle (Santa María)

TÉR. MUNICIPAL : Sarria

PROVINCIA : Lugo

RÍO/CUENCA : Vilouzán De/Vilouzán De

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de de "Vivienda en A Silva" - "María Güendi Fernández Rodríguez", con un volumen máximo anual de 394 m3.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Separador de grasas
- Fosa séptica con filtro biológico
- Arqueta de toma de muestras
- Zanja filtrante

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 27 de septiembre de 2023.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 3065
